

Pois o sangue é a vida

Francis Marion Crawford

Tradución de Luis de la Calle



Francis Marion Crawford

Pois o sangue é a vida

Versión galega de Luis de la Calle

Título orixinal: For the Blood is the Life (1911).

Nota: O título está tomado do Deuteronomio, 12, 23: “Mantente moi firme, soamente, en non comer o sangue, pois o sangue é a vida, e non podes comer a vida xunto coa carne.”

Cearamos ao solpor na ampla azotea da vella torre, porque aí se estaba máis fresco durante a gran calor do verán. Ademais, a pequena cociña construírase nunha esquina da gran plataforma, o que resultaba máis axeitado ca se os pratos se levasen abaixo polos pinos chanzos pétreos rotos en sitios e por todos os lados desgastados polos anos. A torre era unha daquelas construídas todo para abaixo da costa oeste de Calabria polo imperador Carlos V a comezos do século XVI, para afastar os piratas berberiscos, cando os infieis se aliaron con Francisco I contra o Imperador e mais a Igrexa. Acabaron en ruínas, soamente unhas poucas aínda permanecen intactas, e a miña é unha das meirandes. Como entrou na miña posesión hai dez anos, e por que paso unha parte de cada ano nela, son asuntos que non atinxen a este relato. A torre érguese nun dos lugares máis solitarios da Italia meridional, na extremidade dunha curvatura, un promontorio rochoso, que forma un pequeno pero seguro porto natural no extremo sur do golfo de Policastro, e xusto ao norte do cabo Scalea, o lugar de nacemento de Xudas Iscariote, conforme unha vella lenda local. A torre elévase soa neste esporón ganchudo da rocha, e non hai casa ningunha que se poida ver en tres millas dela. Cando vou alí tomo un par de mariñeiros, un dos cales é un bo cociñeiro, e cando estou lonxe ela queda a cargo dun acheite coma un gnomo que unha vez foi mineiro e que se vinculou comigo hai tempo.

O meu amigo, que ás veces me visita na miña soidade estival, é un artista por profesión, un escandinavo por nacemento e un cosmopolita pola forza das circunstancias.

Cearamos ao solpor; o resplandor do ocaso arroibara e apagárase de novo, e o serán purpúreo empapaba a vasta cadea de montañas que abraza o golfo profundo para o leste e se levanta máis e máis alto cara ao sur. Ía calor, e sentámonos na esquina da plataforma que mira para a terra, esperando que a brisa nocturna descendese dos outeiros máis baixos. A cor afundiuse fóra do ar, houbo un curto intervalo de crepúsculo gris escuro, e unha lámpada enviou unha veta amarela da porta aberta da cociña, onde os homes estaban a tomar a súa cea.

Daquela a lúa saíu de súpeto por riba da crista do promontorio, alagando a plataforma e alumeando cada punta rochosa e lomba herbosa debaixo de nós, abaixo ao bordo da auga inmóbil. O meu amigo prendeu a súa cachimba e sentou ollando un lugar na ladeira. Eu sabía o que estaba a mirar, e durante moito tempo me preguntara se non

vería algo alí que lle chamase a atención. Eu coñecía ben aquel sitio. Estaba claro que algo lle interesaba ao fin, aínda que pasase un longo anaco antes de falar. Coma a maioría dos pintores, confiaba na súa propia vista, coma un león confía na súa forza e un veado na súa velocidade, e sempre se desacougaba cando non podía cadrar o que vía co que cría que debería ver.

-É estraño –dixo-. Ves aquel monticuliño xusto neste lado do penedo?

-Vexo –dixen, e adiviñaba o que ía vir.

-Parece coma unha tumba –observou Holger.

-Moi certo. Fai que pareza coma unha sepultura.

-Parece –proseguíu o meu amigo, cos seus ollos fixos no sitio-. Mais a cousa estraña é que vexo o corpo xacendo encol dela. Por suposto –continuou Holger, xirando a cabeza dun lado como fan os artistas-, pode ser un efecto de luz. En primeiro lugar, non é unha tumba ao cabo. En segundo, se o for, o corpo estaría dentro e non fóra. Por tanto, é un efecto do luar. Non o ves?

-Perfeitamente; sempre o vexo nas noites de luar.

-Non te parece interesar moito –dixo Holger.

-Ao contrario, fai que me interese, aínda que estou afeito a iso. Non estás moi trabucado, tampouco. O montículo é realmente unha tumba.

-Parvadas! –berrou Holger, con incredulidade-. Supoño que me dirás que o que vexo xacendo nel é na verdade un cadáver!

-Non –respondín-, non o é. Seino porque me tomei a molestia de baixar e mirar.

-Entón que é? –preguntou Holger.

-Non é nada.

-Queres dicir que é un efecto de luz, supoño?

-Quizais o é. Mais a parte inexplicábel do asunto é que non fai diferenza ningunha se a lúa está saíndo ou pódose, crecente ou mingunte. Se hai algún luar ao cabo, desde o leste, o oeste ou sobre nós, sempre que brilla na tumba podes ver o perfil do corpo encima.

Holger removeu a súa cachimba coa punta do seu coitelo, e logo usou o dedo coma tapón. Cando o tabaco prendeu ben levantouse da súa cadeira.

-Se non che importa –dixo-, baixarei e botarei un xis a iso.

Deixoume, cruzando a azotea, e desapareceu baixando os escuros banzos. Eu non me movín, pero me sentei mirando abaixo até que saíu da torre por debaixo. Ouvinlle cantaruxando unha vella canción danesa mentres cruzaba o espazo aberto co luar brillante, indo dereito ao montículo misterioso. Cando estaba a dez pasos del, Holger parou en seco, deu dous pasos adiante e logo tres ou catro atrás, e entón parou de novo. Eu sabía o que iso significaba. Acadara o lugar en que a Cousa deixaba de ser visíbel... onde, como el diría, o efecto da luz mudaba.

Logo proseguíu até que alcanzou o montículo e estivo sobre el. Eu puíden ver a Cousa aínda, mais non estivo moito tempo xacendo abaixo; agora estaba axeonllada, enrolando os seus albos brazos ao redor do corpo de Holger e mirándolle arriba a súa cara. Unha brisa fresca axitou o meu cabelo naquel momento, conforme o vento nocturno comezaba a baixar dos outeiros, pero se sentía coma un alento doutro mundo.

A Cousa semellaba estar tentando rubir aos seus pés, axudándose a subir co corpo de Holger en tanto permanecía vertical, completamente inconsciente dela e en aparencia ollando á torre, que é moi pintoresca cando o luar cae sobre ela naquel lado.

-Vamos! –gritei-. Non fiques alí toda a noite!

Pareceume que se moveu de má gana segundo avanzaba do montículo, ou se non con dificultade. Era iso. Os brazos da Cousa estaban aínda ao redor do seu van, pero os seus pés non podían deixar a tumba. Cando el veu devagar adiante ela estaba esvaída e

alongada coma unha espiral de néboa, fina e branca, até que vin claramente que Holger se sacudía, como fai un home que sente un arrefrío. Ao mesmo tempo un laio de dor chegou coa brisa –puido ser o grito dun bufiño que vivise entre as rochas- e a presenza neboenta flotou decontado de volta da figura a avanzar de Holger e deitouse unha vez máis na súa longura sobre o montículo.

De novo sentín a brisa fresca no meu cabelo, e esta volta un estremecemento xélido de pavor baixou polo meu cerrizo. Lembrábame moi ben de que unha vez baixei alí só co luar; que naquel momento, estando cerca, non vin ren; que, coma Holger, fora e ficara sobre o montículo; e recordei agora, que cando regresaba seguro de que non había nada alí, tiven a súbita convicción de que había algo despois de todo con só mirar detrás de min. Lembraba a forte tentación de ollar atrás, unha tentación á que me resistín como indigna dun home con sensatez, até que, para me desfacer dela, me sacudira xusto como fixo Holger.

E agora sei que aqueles brazos albos e nebulosos me arrodearan tamén; seino nun relampo, e estremecinme cando recordaba que tamén ouvira o bufo nocturno daquela. Mais non fora o bufo na noite. Foi o berro da Cousa.

Reenchín a miña cachimba e servínome unha copa de forte viño do sur; en menos dun minuto Holger sentaría a carón de min novamente.

-Abofé que non hai nada alí –dixo-, mais é arrepiante, non obstante. Sabes, cando regresaba estaba tan seguro de que había algo detrás de min que desexaba dar-me a volta e mirar? Foi un esforzo non o facer.

Riu un chisco, baleirou as cinzas da súa pipa, e serviuse algo de viño. Durante un tempo ningún de nós falou, a lúa elevouse máis alta, e ambos ollabamos a Cousa que xacía no montículo.

-Podías facer unha historia sobre iso –díxome Holger após un longo anaco.

-Hai unha –respondílle-. Se non tes sono contareicha.

-Adiante –dixo Holger, que gusta das historias.

O vello Alario estaba a morrer alá arriba na aldea tras o outeiro. Lébralo, non teño dúbida. Dicían que fixo a súa fortuna coa venda de xoiaría falsa en Suramérica, e escapou cos seus gaños cando o descubriron. Coma todos eses suxeitos, se traen algo con eles, enseguida se puxo a traballar para ampliar a súa casa; e, como non hai albaneis aquí, mandou procurar dous traballadores por todo o camiño até Paola. Eran un par de pícaros de aspecto basto –un napolitano que perdera un ollo e un siciliano cunha vella cicatriz de meia polgada de fondura cruzándolle a meixela esquerda. Eu víaos a miúdo, nos domingos adoitaban baixar acá e pescaren fóra das rochas. Cando Alario pillou a febre que o matou os albaneis estaban aínda no traballo. Como acordara que parte da paga deles debía ser a comida e o aloxamento, facía que durmisen na súa casa. Súa muller morrera, e tiña un só fillo chamado Angelo, que era un tipo moitísimo mellor ca el. Angelo ía casar coa filla do home máis rico da aldea, e estrañamente, dicíase, aínda que o casoiro se amañara polos seus pais, que os noivos dicían estaren namorados ambos os dous.

Por esa cuestión, a aldea enteira quería a Angelo, e entre o resto unha salvaxe e atractiva criatura chamada Cristina, que era o máis parecido a unha xitana do que nunca vin por aquí en rapaza ningunha. Tiña beizos moi vermellos e ollos moi negros, tiña a complexión dun galgo e a lingua dun diaño. Mais a Angelo non lle atraía nin unha chisca. Era máis ben un suxeito simple, totalmente diferente do vello pillabán de seu pai, e baixo o que chamaría circunstancias normais realmente coido que xamais miraría a moza ningunha fóra da amábel e repoludiña criaturiña, cun dote cumprido, que seu pai quería para casalo. Porén apareceron cousas que non eran normais nin naturais.

Por outra banda, un pastor mozo moi aposto dos outeiros sobre Maratea estaba namorado de Cristina, que semellaba ser completamente indiferente con el. Cristina non tiña ningúns medios regulares de subsistencia, pero era unha boa rapaza e servizal para facer algún traballo ou ir con recados a certa distancia pola graza dun anaco de pan ou unha morea de feixóns, e permiso para durmir baixo cuberto. Estaba especialmente alegre cando tiña de facer algo preto da casa do pai de Angelo. Non hai ningún doutor na aldea, e cando os veciños viron que o vello Alario estaba moribundo enviaron a Cristina a Scalea para traer un. Aquilo foi ao final do serán, e se esperaron tanto, foi porque o miserábel moribundo rexeitaba permitir un dispendio semellante en tanto fose quen de falar. Mais mentres Cristina ía, o asunto empeoraba con rapidez, o crego viñera á cabeceira do leito, e cando fixo o que puido deulles como opinión súa ás testemuñas que o vello falecera, e deixou a casa.

Coñeces esta xente. Teñen un horror físico á morte. Até que o cura falou, o cuarto estivera cheo de xente. Apenas as palabras saíran da súa boca e xa antes estaba baleiro. Era de noite daquela. Eles apuráronse abaixo polos chanzos escuros e a fóra á rúa.

Angelo estaba lonxe, Cristina non voltara, a sinxela serventa que atendera o enfermo fuxira cos demais, e o corpo o deixaran só coa luz pestanexante da terreal lámpada de óleo.

Cinco minutos despois dous homes miraban con cautela e desagrado adiante cara á cama. Eran o albanel napolitano dun só ollo e o seu compañeiro siciliano. Sabían o que querían. Nun momento arrastraran de embaixo da cama unha pequena pero dura caixa con reforzos de ferro, e moito antes de que alguén pensase en regresar xunto ao morto abandonaran a casa e a aldea ao abeiro da escuridade. Fora bastante doado, porque a casa de Alario é a derradeira cara á engroba que leva a aquí abaixo, e os ladróns simplemente saíron pola porta de atrás, superando o muro de pedra, e non tendo nada que arriscaren despois agás a posibilidade de atoparen algún paisano atrasado, que era moi pequena xaora, des que pouca xente usaba a senda. Tiñan unha aixada e unha pa, e fixeron o seu camiño a aquí sen accidente.

Estou contándoches esta historia como debeu de suceder, porque, abofé, non houbo testemuña ningunha desta parte dela. Os homes leváronse a caixa abaixo pola engroba, tendo mentes de soterrala até que fosen capaces de voltar e llela levar nun bote. Deberon de ser espelidos abondo como para supor que algunha parte do diñeiro estaría en billetes, porque se non a enterrarían na area húmida da praia, onde estaría moito máis segura. Porén o papel podrecería se se visen obrigados a deixala alí moito tempo, así que cavaron o seu burato alí abaixo, preto daquela rocha. Si, xusto onde está agora o montículo.

Cristina non achou o doutor en Scalea, porque o foran chamar para ir a un lugar arriba do val, a metade de camiño de San Domenico. Se o encontrase, el viría na súa mula pola estrada alta, que é máis chá pero moito máis longa. Porén Cristina tomou o atallo polas rochas, que pasa uns cincuenta pés por riba do montículo, e xira naquel recuncho. Os homes estaban a cavar cando ela pasou, e ela ouviunos traballando. Non lle gustaría pasar sen descubrir que era o ruído, pois nunca tivo medo de nada na súa vida, e, ademais, os pescadores ás veces desembarcaban aquí de noite para apañaren unha pedra para unha áncora ou xuntaren paus para faceren unha fogueiriña. A noite estaba escura, e Cristina probabelmente chegou cerca dos dous homes antes de que puidese ver que estaban a facer. Coñeceunos, xaora, e eles coñecérona, e comprenderon ao instante que estaban no seu poder. Soamente había unha cousa que facer para a súa seguranza, e fixérona. Batérona na cabeza, escavaron o furado profundo, e soterrárona axiña coa arca reforzada de ferro. Deberon de comprender que a soa casualidade da súa

escapada creaba unha sospeita polo que regresaron á aldea antes de que a súa ausencia fose noticia, porque retornaron decontado, e atopáronos meia hora máis tarde parolando tranquilamente co home que estaba a facer o cadaleito de Alario. Era un cómplice deles, e andara traballando nas reparacións da casa do vello. Até onde son quen de entendela, as únicas persoas que se supuña que sabían onde Alario gardaba o seu tesouro eran Angelo e a serventa que mencionei. Angelo estaba lonxe; foi a muller quen descubriu o roubo.

É bastante doado comprender por que máis ninguén sabía onde estaba o diñeiro. O vello mantiña a súa porta baixo chave e esta no seu peto cando marchaba, e non deixaba a muller entrar a limpar o lugar a menos que estivese el alí. A aldea toda sabía que tiña diñeiro en algures, con todo, e os albaneis seica descubriran o paradoiro da arca por gabear até a fiestra na súa ausencia. Se o vello non tivera delirios até que perdeu o coñecemento, estaría cunha espantosa agonía mental polas súas riquezas. A fiel serventa esqueceu a súa existencia só durante uns momentos cando escapou cos demais, superada polo horror á morte. Non pasaran vinte minutos antes de que voltase coas dúas horribes vellas bruxas ás que sempre se chama para preparar o morto para o enterro. Xa entón non tivo ao primeiro coraxe para se aproximar ao leito con elas, mais fixo finximento de lle caer algo, dobrándose sobre os xeonllos coma se o atopase, e mirou debaixo da cama. As paredes do cuarto branqueáranse recentemente até o chan e viu cunha ollada que o cofre desaparecera. Estaba alí pola tarde, xa que logo o cofre o roubaran durante o curto intervalo en que abandonara o cuarto.

Non había carabineiros destacados na poboación, non había nin sequera un garda municipal, porque non é municipio. Nunca houbo un lugar semellante, coido. Scalea debe de se ocupar dela dalgún modo misterioso, e cómpre un par de horas para que alguén chegue de alí. Como a vella vivira na aldea toda a súa vida, nin sequera se lle ocorreu solicitarlle a algunha autoridade civil que a axudase. Simplemente lanzou un alarido e correu pola aldea na escuridade, gritando que roubaran na casa do seu patrón morto. Moita xente mirou fóra, mais ao comezo ninguén parecía inclinado a axudala. Os máis deles, xulgándoa para si, bisbáronse os uns aos outros que probabelmente roubara o diñeiro ela mesma. O primeiro en se mover foi o pai da filla coa que Angelo ía casar; reunindo a súa familia, todos os cales tiñan un interese persoal na riqueza que estaba para chegar á familia, declarou que a súa opinión era que a arca a roubaran os dous albaneis a xornal que se aloxaban na casa. Encabezou a busca deles, que naturalmente principiou na casa de Alario e finalizou no obradoiro do carpinteiro, onde acharon os ladróns a discutiren unha medida de viño co carpinteiro encol do ataúde meio acabado, preto da luz dunha lámpada de barro chea de óleo e sebo. A partida de busca axiña acusou os delinquentes do crime, e ameazou con encerralos baixo chave no soto até que se puidesen traer os carabineiros de Scalea. Os dous homes miráronse o un ao outro durante un intre, e logo sen a máis pequena dúbida apagaron a sinxela luz e, aproveitando o cadaleito inacabado entre eles e usándoo coma unha sorte de ariete, acometeron aos seus atacantes na escuridade. En breves momentos estiveron alén dos seus perseguidores.

Ese é o final da primeira parte da historia. O tesouro desaparecera, e como non se puido encontrar ningún rastro del a xente naturalmente supuxo que os ladróns tiveron éxito transportándoo lonxe. Enterraron o vello, e cando ao cabo Angelo voltou tivo que pedir empréstado diñeiro para pagar o miserábel funeral, e tivo algunha dificultade para o facer. Apenas necesitou que lle dixesen que en perdendo a súa herdanza perdera a súa noiva. Nesta parte do mundo os matrimonios fanse con principios estritamente económicos, e se os cartos prometidos non veñen no día designado a noiva ou o noivo cuxos pais non conseguiron presentalos poden tamén irse, porque alí non haberá voda.

O pobre Angelo sabía iso abondo ben. Seu pai non se apoderara de ningunha terra apenas, e agora que os duros cartos que trouxera de Suramérica marcharan, non deixara nada senón débedas polos materiais de construción que estaban a usar para ampliar e mellorar a vella casa. Angelo estaba arruinado, e a amábel repoludiña criaturiña que ía ser súa volveulle as costas de maneira ben aprobada. En canto a Cristina, había varios días antes que desaparecera, porque ninguén lembraba que a enviaran a Scalea polo doutor, que nunca veu. Ela a miúdo desaparecía do mesmo modo durante varios días, cando podía atopar un traballíño acá e acolá nas distantes granxas entre os outeiros. Porén cando non regresou finalmente, a xente comezou a se estrañar, e por último inventaron nas súas mentes que era cómplice dos albaneis e fuxira con eles.

Parei e baleirei o meu vaso.

-Esa clase de cousas non podía suceder en calquera outro lugar –observou Holger, enchendo a súa imperecedoira cachimba de novo-. É marabilloso que haxa un atractivo natural sobre o asasinato e a morte imprevista nun país romántico coma este. Concedo que o que sería simplemente brutal e repugnante en calquera outro sitio se converte en dramático e misterioso porque isto é Italia e estamos a morar nunha xenuína torre de Carlos V edificada contra piratas berberiscos.

-Hai algo diso –admitín. Holger que é o home máis romántico do mundo dentro de si, sempre coida necesario explicar por que sente algo.

-Supoño que atoparon o corpo da coitada rapaza coa caixa –dixo nese momento.

-Como che parece interesar –respondílle-, contareiche o resto da historia.

A lúa elevábase alta neste momento; o contorno da Cousa no montículo estaba máis claro aos nosos ollos ca antes.

A aldea moi pronto se apazugou na súa cativa e apagada vida. Ninguén botou en falta ao vello Alario que estivera lonxe tanto tempo nas súas viaxes a Suramérica e que xamais fora unha figura familiar no seu lugar nativo. Angelo vivía na casa meio acabada, e como non tiña diñeiro para pagar á vella serventa esta non ficou con el, mais unha volta cada moito tempo viña e laváballe unha camisa por seren vellos coñecidos. Alén da casa, el herdara unha pequena parcela a algunha distancia da poboación; tentaba cultivala, mais non puña o corazón no labor, porque sabía que nunca podería pagar os impostos sobre ela e sobre a casa, que serían de certo confiscadas polo goberno, ou embargadas pola débeda do material de construción, pois o home que o subministrara rexeitaba a súa devolución.

Angelo era moi desditado. Namentres seu pai estaba vivo e rico, cada rapaza da aldea namorárase del; mais agora todo iso mudou. Fora agradábel que o admirasen e o cortexasen, e o invitasen a beber viño os pais que tiñan mozas casadeiras. Era duro que o fitasen con frialdade, e por veces que risen porque o privaran da súa herdanza. Cociñaba as súas miserábeis comidas por si mesmo, e de estar triste volveuse melancólico e taciturno.

Coa posta do sol, cando o traballo diario remataba, no canto de quedar no adro da igrexa cos xoves da súa mesma idade, púñase a pasear por lugares solitarios nas aforas da aldea até que estaba escuro de todo. Logo escapulíase ao fogar e marchaba ao leito para se aforrar o gasto dunha luz. Porén naquelas solitarias horas crepusculares comezaba a ter estraños soños esperto. Non estaba sempre só, pois a miúdo cando se sentaba nun toco, onde o estreito vieiro baixa á engroba, estaba seguro que unha muller se lle achegaba en silencio sobre as pedras agrestes, coma se estivese descalza; e ficaba baixo un souto só meia ducia de iardas senda abaixo, e acenáballe sen falar. Aínda que estaba na sombra sabía que os seus beizos eran roibos, e que cando se separaban unha

chisca e lle sorrían ela mostraba dous dentiños agudos. Ao comezo coñecía isto máis do que velo, sabía que era Cristina, e que estaba morta. Porén non sentía medo; soamente se preguntaba se era un soño, porque coidaba que se estivera esperto deberíase asustar.

Ademais, a morta tiña labios roibos, e iso só podía ocorrer nun soño. Sempre que ía preto da engroba após o solpor ela estaba alá esperándoo, ou se non aparecía moi pronto, e el comezou a estar seguro que ela se lle achegaba máis cerca cada día. Ao principio el unicamente estivera seguro da súa boca vermella coma o sangue, mais agora cada facción facíase nidia, e a cara pálida mirábao con ollos profundos e esfameados.

Eran os ollos os que se volvían turbios. Aos poucos chegou a saber que algún día o soño non acabaría cando voltase ao seu fogar, senón que o levaría engroba abaixo na que xurdía a visión. Ela estaba máis preto agora cando lle acenaba. As súas meixelas non eran lívidas coma as dunha morta, senón pálidas pola inanición, coa furiosa e implacábel fame física dos seus ollos que o devoraban. Eles facían un banquete na súa alma e botábanlle un feitizo, e ao cabo estaban cerca del mesmo e abrazábaos. El non podería dicir se o seu alento era tan quente coma o lume ou tan frío coma o xeo; non podería dicir se os seus beizos vermellos queimaban os seus ou os conxelaban; ou se os cinco dedos dela nos seus pulsos abrasaban facendo cicatriz ou cortaban a súa carne coma a xeadá; non podería dicir se estaba esperto ou durmido, se ela estaba viva ou morta, mais sabía que o amaba, ela soa de todas as criaturas, terreais ou sobrenaturais, e o seu feitizo tiña poder sobre el.

Cando a lúa se alzou alta aquela noite a sombra daquela Cousa non estaba soa alí abaixo sobre o montículo.

Angelo acordou co fresco abrente, enchoupado pola rosada e arrefecido na carne, o sangue e os ósos. Abriu os ollos á tenue luz gris, e viu as estrelas aínda a brillaren sobre el. Estaba moi feble, e o seu corazón latexaba tan amodo que era case coma un home a desmaiarse. Devagar xirou a cabeza no montículo, coma nunha almofada, pero a outra face non estaba alí. O medo apoderouse del de súpeto, un medo indescribíbel e descoñecido; saltou sobre os seus pés e escapou desfiladeiro arriba, e nunca mirou atrás até que alcanzou a porta da súa casa nas aforas da aldea. Foi deprimido ao seu labor aquel día, e con cansazo as horas arrastráronse tras o sol, até que ao cabo este tocou o mar e afundiou, e os grandes outeiros afiados sobre Maratea volvéronse púrpura contra o ceo de levante colorido de pomba.

Angelo botouse no ombreiro a súa pesada aixada e deixou o campo. Sentíase menos cansado agora ca pola mañá cando comezara a traballar, mais prometeuse que iría ao fogar sen se entreter na engroba, tomaría a mellor cea que se puidese facer, e durmiría toda a noite na súa cama coma un cristián. Non o tentaría de novo no estreito camiño abaixo unha sombra con labios vermellos e alento glacial; non soñaría novamente aquel soño de terror e deleite. Estaba preto da aldea agora; pasaba hora e media des que o sol se puxera, e a lañada campá da igrexa enviaba os pequenos ecos discordantes a través das penas e as barrancas para lle dicir a toda a boa xente que o día rematara. Angelo ficou aínda un momento onde o carreiro se bifurcaba, que conducía á poboación pola esquerda, e descendía á engroba pola dereita, onde un souto colgaba sobre a estreita senda. Permaneceu aínda un minuto, levantando o seu chapeu maltratado da cabeza e fitando o mar que se apagaba rapidamente polo oeste, e os seus beizos movíanse conforme repetía en silencio a familiar oración do serán. Os seus labios movíanse, mais as palabras que os seguían no seu cerebro perdían o seu significado e volvíanse outras, e acababan nun nome que pronunciou en voz alta: Cristina! Co nome a tensión da súa vontade relaxouse de socato, a realidade marchou e o soño apañouno novamente e levouno con rapidez e sen dúbida coma un home a camiñar durmido, abaixo e máis abaixo, polo empinado vieiro na crecente escuridade. E

segundo esvaraba cabo del, Cristina murmuráballe estrañas cousas doces ao ouvido, que dalgún xeito, se estivera esperto, el sabía que non as podería comprender de todo; porén agora eran as palabras máis maravillosas que xamais ouvira na súa vida. E ela bicábao tamén, mais non na boca. Sentía os seus beixos agudos no seu branco pescozo, e sabía que os seus beizos eran roibos. Así o soño salvaxe transcorreu polo crepúsculo, a escuridade e a saída da lúa, e toda a gloria da noite estival. Mais no fresco abrente el xacía como meio morto sobre o montículo alí embaixo, lembrando ou non recordando, exhausto no seu sangue, pero estrañamente devecendo por lle dar máis a aqueles vermellos labios. Despois veu o medo, o espantoso e indescritíbel pánico, o horror mortal que garda os confíns do mundo que non vemos, nin coñecemos igual que sabemos outras cousas, mais que sentimos cando o seu frío glacial conxela os nosos ósos e pon os nosos pelos de punta co toque dunha man fantasmal. Unha volta máis Angelo alpeirou do montículo e fuxiu desfiladeiro arriba ao romper o día, pero o seu paso era menos seguro desta vez, e alasaba sen alento en tanto corría; e cando chegou ao brillante manancial que nace a meio camiño arriba da ladeira, caeu sobre xeonllos e mans e mergullou a cara enteira dentro e bebeu como xamais bebera antes: porque era a sede do home ferido que xacera sangrando a esgalla a noite toda sobre o campo de batalla.

Ela tñiao rápido agora, e el non podía escapar dela, senón que viña a ela cada serán ao anoitecer até que ela extraese del a súa última gota de sangue. Foi en balde que cando o día marchara tentase tomar outra ruta e ir ao fogar por un carreiro que non pasase preto da engroba. Foi en van que se fíxese promesas cada mañá ao amencer cando rubía o camiño solitario arriba desde a costa á aldea. Foi todo de baluto, porque cando o sol afundía ardendo no mar, e a frescura do serán escapulíase coma dun acocho para deleitar o mundo canso, os seus pés volvían ao vello camiño, e ela estaba a esperalo na sombra baixo os castiñeiros; e logo todo sucedía coma antes, e ela púñase a lle bicar o seu albo pescozo mesmo cando revoaba con lixeireza camiño abaixo, enrolándolle un brazo. Segundo o sangue del empeoraba, ela púñase máis famenta e sedenta cada día, e cada día cando el espertaba na alba temperá éralle máis duro incitarse ao esforzo de rubir a senda empinada para a poboación; e cando chegaba ao seu labor os seus pés arrastrábanse con moita dor, e había apenas forza nos seus brazos para brandir a pesada aixada. Mamente falaba con alguén agora, mais a xente dicíalle que se estaba a “consumir” polo amor á moza coa que ía casar cando perdeu a súa herdanza; e rían con ganas no pensamento, porque este non é un país moi romántico. Por este tempo, Antonio, o home que ficaba aquí coidando a torre, voltou dunha visita á súa xente, que vive preto de Salerno. Estivera lonxe todo o tempo desde antes da morte de Alario e non sabía ren do que sucedera. Contoume que regresou ao final da tarde e encerrouse arriba na torre para comer e durmir, dado que estaba moi cansado. Pasaba da meianoite cando acordou, e cando mirou fóra viu que a pálida lúa se levantaba sobre o ombro do outeiro. Ollou cara ao montículo, viu algo, e non durmiu de novo aquela noite. Cando saíu outra vez pola mañá foi a plena luz do día, e non había nada que ver no montículo agás pedras soltas e area amoreada. Así e todo non se achegou a el; subiu dereito polo carreiro á aldea e foi directamente á casa do vello crego.

-Vin algo maligno esta noite –dixo-; vin como o morto bebía o sangue do vivo. E o sangue é a vida.

-Cóntame que viches –díxolle o cura en resposta.

Antonio contoulle todo o que vira.

-Vostede debe levar o seu libro e a súa auga sagrada esta noite –engadiu-. Estarei aquí antes do solpor para baixar con vostede, e se lle compace á súa reverencia cear comigo en canto agardamos, preparareime.

-Irei –respondeu o crego-, porque teño lido en libros vellos sobre estes estraños seres que non están vivos nin están mortos, e que xacen frescos nas súas tumbas, escapulíndose fóra á noite para catar vida e sangue.

Antonio non sabía ler, pero alegrouse ao ver que o cura comprendía a situación; porque, xaora, os libros deberon de instruílo verbo dos mellores medios de silenciar a Cousa meio viva para sempre.

Así Antonio marchou ao seu traballo, que consistía en gran parte en se sentar no lado sombrío da torre, cando non estaba pousado nunha rocha cunha tanza pillando ren. Porén aquel día foi mirar dúas veces o montículo coa brillante luz do sol, e buscou ao redor unha e outra vez algún burato polo que o ser puidese entrar e saír; mais non atopou ningún. Cando o sol comezou a afundir e o ar ía máis frío nas sombras, subiu a buscar o vello crego, levando un queipiño con el; neste puxeron unha botella de auga bieita, a almofia, o hisopo e a estola que lle cumpría ao sacerdote; e eles baixaron e esperaron na porta da torre até que se fixese escuro. Mais mentres a luz aínda persistía moi gris e tenue, viron algo movéndose, xusto alí, dúas figuras, a dun home que camiñaba, e a dunha muller que revoaba a carón, e en tanto a súa cabeza estaba no seu ombreiro bicáballe o pescozo. O crego contárame iso, tamén, e que lle batían os dentes e agarrou o brazo de Antonio. A visión pasou e desapareceu na sombra. Daquela Antonio tomou a petaca de coiro de licor forte, que gardaba para as grandes ocasións, e botou un grollo deses que fan que un vello se sinta case mozo de novo; e apañou a lanterna, o seu pico e a súa pa, deulle ao sacerdote a súa estola para que a puñese e a auga bieita para levar, e saíron xuntos para o sitio onde se había de facer o traballo. Antonio di que a pesar do ron os seus propios xeonllos tremían ao par, e o crego atrancábase no seu latín. Porque cando estaban aínda a unhas poucas iardas do montículo a luz pestenexante da lanterna caeu sobre a alba cara de Angelo, inconsciente coma se durmise, e no seu ergueito pescozo, no cal unha delgadísima liña vermella de sangue escorría abaixo até o seu collar; e a luz pestenexante da lanterna deu sobre outra face que miraba arriba desde o banquete: sobre dous ollos fondos e mortos que vían malia a morte; sobre uns beizos separados máis vermellos ca a súa vida; sobre dous brillantes dentes nos que refulxían unha rosada gota. Entón o crego, un vello bo, cerrou os ollos apertadamente e amosou a auga bieita diante del, e a súa voz rouca alzouse case nun grito; e daquela Antonio, que non é covarde despois de todo, levantou o pico nunha man e a lanterna na outra, mentres brincaba adiante, sen saber que final tería; e logo xura que ouviu o berro dunha muller, e a Cousa marchara, e Angelo xacía inconsciente só no montículo, coa liña vermella no seu pescozo e as pingas de suor cadavérica na súa testa fría. Levántarono, meio morto como estaba, e puxérono no chan próximo; entón Antonio foise á tarefa e o cura axudouno, aínda que era vello e non podía facer moito; cavaron fondo, e ao cabo Antonio, póndose na tumba, agachouse coa súa lanterna para ollar que podía ver.

O seu cabelo era castaño escuro, con guechos ruzos nas tempas; en menos dun mes desde aquel día foron tan grises coma os dun teixugo. Foi mineiro cando era xove, e os máis destes tipos teñen visto cousas horribéis de cando en vez, cando sucederon accidentes, mais el nunca vira o que viu aquela noite: aquela Cousa que non estaba viva nin morta, aquela Cousa que non se toleraría nin sobre a terra nin na tumba. Antonio levara algo con el do que o sacerdote non tiña aviso. Fixérao aquel serán: unha estaca aguda tallada dunha peza de dura e vella madeira flotante á deriva. Tíña con el agora, tiña o seu rexo pico, e apañara a lanterna para abaixo na tumba. Non creo que ningún poder na terra podería facerlle falar do que ocorreu logo, e o vello crego estaba demasiado asustado para ollalo. Di que ouviu a Antonio alentando coma unha besta brava, e movéndose coma se estivese a pelexar con algo case tan forte coma el; e ouviu un son maligno tamén, con golpes, coma de algo violentamente levado a través de carne

e ósos; e despois o máis espantoso son de todos: un alarido de muller, o grito sobrenatural dunha muller nin viva nin morta, mais soterrada fondamente durante varios días. E el, o pobre vello cura, unicamente se podía estremecer segundo se axeonllaba alí na area, berrando en alto os seus rezos e exorcismos para afogar estes sons atroces. Entón de súpeto un cofriño reforzado con ferro guindouse arriba e xirou contra o xeonllo do vello, e nun momento máis Antonio estaba a carón del, coa súa cara tan branca coma o sebo á luz pestanexante da lanterna, padexando a area e o grixo na tumba con precipitación furiosa, e mirando por riba do bordo até que a buraca estivo meio chea; e o crego dixo que había moito sangue fresco nas mans e roupas de Antonio.

Cheguei ao remate da miña historia. Holger acabou o seu viño e recostouse na súa cadeira.

-Así que Angelo se recuperou outra vez –dixo-. Casou coa moza melindrosa e repoludiña á que se prometera?

-Non, quedou asustado mamente. Marchou a Suramérica, e non se ouviu del desde entón.

-E aquel pobre corpo da Cousa está alí tranquilo, supoño –dixo Holger-. Está morto de todo aínda, preguntome?

-Tamén eu mo pregunto. Mais se está morto ou vivo, case me coidaría de velo, inclusive a plena luz do día.

Antonio está tan gris coma un porco teixo, e non volveu ser completamente o mesmo home desde aquela noite.

FIN